



Audioguía de Etnografía e tradición popular

O carácter destas terras non só se le na paisaxe natural, senón tamén nas pegadas que a man do home deixou nela. Este patrimonio é o auténtico testemuño da arquitectura tradicional, da vida rural e da profunda relación das súas xentes co territorio.

O carácter comercial e comunitario aínda pode sentirse nos Pendellos de Agolada e nos Pendellos da Feira de Rodeiro, que foron o corazón do comercio comarcal, onde os tratos e as feiras unían o rural e o urbano. Non menos importante era o Antigo Mercado de Gouxá, en Dozón. E xunto a eles atopamos as Neveiras de Fixó (Forcarei). Estas construcións impulsadas polos monxes de Aciveiro no século XVII, eran cruciais para o comercio do xeo, fornecendo este recurso tanto ao mosteiro como ao Cabido de Santiago e impulsando o uso comercial e medicinal por numerosos puntos de Galicia.

O traballo coa terra e os recursos deu lugar a estruturas únicas; as alvarizas, esenciais para a apicultura, construíanse con altos muros circulares para protexer os trobos dos osos. Exemplos disto atopamos nas Alvarizas de Zobra (Lalín) ou na Alvariza de A Graña (Forcarei).

A forza da auga moveu os muíños dispersos por toda a comarca, como o singular Muíño da Barca (Vila de Cruces) e os da Serra do Mestre e Vesacarballa, en Sabucedo, e o impresionante Muíño de Covián de Silleda, que con catro moas é o máis grande da comarca. Xunto a eles, os hórreos gardan, aínda hoxe, a colleita.

A memoria do traballo e a vida rural consérvase en espazos de referencia, como a Casa Museo do Patrón en Doade, Lalín. Este museo etnográfico conserva e expón unha importante colección de útiles da vida rural e traballos do campo, e foi crucial na recuperación e difusión da tradicional Festa da Malla, hoxe recoñecida como Festa de Interese Turístico de Galicia.

Pero xunto á arquitectura, a alma destas terras reside nas súas tradicións máis fondas. Mentres que a tradición máis coñecida é a Rapa das Bestas de Sabucedo, este rito ancestral, Festa de Interese Turístico Internacional, celebra a liberdade e a



forza, é tamén unha práctica ecolóxica e sostible, esencial para a prevención de incendios forestais. Na audioguía de Paisaxe humana e vida rural podes coñecer como esta tradición define o carácter e o traballo desta xente.

Con todo, a alma da comarca reside tamén nas tradicións e rituais que definen a relación das súas xentes co territorio, marcando o paso do tempo. No Entroido, sobresaen os ancestrais Os Xenerais da Ulla en Silleda, A Estrada e Vila de Cruces, unha vistosa e singular manifestación do Entroido galego recoñecida como Festa de Interese Turístico de Galicia. No rural, o tempo non se mide polo reloxo, senón polo ciclo das estacións e os labores: cando sementar ou recoller, o tempo da matanza do porco ou a festa da maia. Estes ritos falan dunha forma de vida que se resiste a desaparecer, mantida viva grazas á súa xente e ás súas festas seculares.